



XORNALISMO E LITERATURA:

as marxes dos días

Poucos escritores abrazaron o xornalismo literario como o fixo Carlos Casares. Durante vinte anos publicou unha columna diaria no xornal de maior tiraxe do país (*La Voz de Galicia*). O sobresaínte éxito da sección “Á marxe” conseguiu que os seus seguidores se multiplicasen e que se convertese no autor máis popular do seu tempo.



O xornalismo e a literatura teñen unha relación longa e fértil. O primeiro ten como misión contar e explicar os sucesos da realidade e a segunda relata feitos empregando a ficción. Mais hai artigos xornalísticos que empregan técnicas literarias e tamén textos literarios que se constrúen baseándose en novas reais. Por iso non é nada extraño que escritores e xornalistas traballen a un e outro lado desa fronteira por veces difusa.

Tamén hai diferenzas claras. Mentres na literatura o autor pode dedicar o tempo que precise á súa obra, no xornalismo os prazos están marcados pola necesidade de difundir (a miúdo coa maior rapidez posible) a información. Outra é que mentres que o xornalista ten un espazo limitado para o seu texto, o escritor decide libremente a súa extensión.



Como na literatura, no xornalismo hai diversos xéneros. Nesta ficha imos ver algúns dos fundamentais: noticia, reportaxe, entrevista e artigo de opinión.

A NOTICIA: É un relato veraz sobre un feito importante que aconteceu recentemente. É o texto xornalístico por excelencia. Unha nova ten que responder sempre a seis preguntas básicas: **quen?** (protagonista ou protagonistas da nova); **que?** (o que sucedeu); **cando?** (tempo); **onde?** (en que lugar); **por que?** (cal foi causa) e **como?** (de que xeito sucedeu). Busca nesta nova a resposta ás seis preguntas anteriores:

O Día das Letras Galegas de 2017 estará dedicado a Carlos Casares



09/07/2016

O Plenario da Real Academia Galega (RAG), reunido esta mañá na Coruña en sesión ordinaria, acordou dedicar o Día das Letras Galegas de 2017 a Carlos Casares Mouriño. A RAG considera que a calidade, a vocación abertamente comunicativa e o carácter variado da súa obra, que incluíu a literatura infantil, o xornalismo e o ensaio, converte a Carlos Casares nun escritor especialmente idóneo para protagonizar a celebración das Letras Galegas de 2017. Con toda seguranza, reforzará o prestixio das nosas lingua e literatura non soamente entre o público escolar e estudiantil en xeral, senón entre o gran público lector, que xa celebrou en vida a súa espléndida obra literaria.



A REPORTAXE:

Ao igual que a noticia, unha boa reportaxe debe caracterizarse pola súa obxectividade, claridade e precisión. Aínda así, este xénero ten as súas propias características: a principal é que a extensión é maior que a da noticia, polo cal a persoa que escribe pode ofrecelle máis datos a quen a le. O xornalista ten máis liberdade para contar os feitos cunha linguaxe (estilo) máis propia.



A ENTREVISTA:

É o xénero xornalístico que xorde do diálogo entre un redactor ou redactora e a persoa á que entrevista para obter unha información ou opinión a respecto de algo.

* ACTIVIDADE

Ao voso carón hai moitas persoas que teñen unha opinión moi autorizada. "Proba a entrevistar a túa avoa, o teu tío ou algunha veciña maior. Pregúntalles como era a vida deles cando eran do teu tempo: que facían?, a que lles gustaba xogar?, que soñaban ser de maiores?... E todo o que se che ocorra. Só precisas un aparello para gravar ou, se tes rapidez, pode que che abonde cun papel e un bolígrafo.

Que xénero era o que practicaba Carlos Casares nas súas colaboracións xornalísticas? Pois era o máis persoal de todos: o artigo de opinión. Neste tipo de textos, a persoa que escribe achega, con total liberdade de estilo, a súa opinión persoal sobre os temas máis diversos.

Casares imprimiulles ás súas columnas un estilo que as fixo inconfundibles. Cunha linguaxe sinxela, desenfadada, e con moitas doses de empatía e humor, o autor podía escribir sobre os temas máis diversos: dende os máis cotiáns (o seu gato Samuel) ata os máis excepcionais. Ao día seguinte do seu pasamento a columna que escribía Casares apareceu en branco. Era a homenaxe que o xornal lle facía a un articulista que coa súa desaparición deixaba un enorme baleiro en milleiros de lectoras e lectores que agardaban cada mañá polas súas letras.

